

**POR CHANTADA DENUNCIA A PRIVATIZACIÓN DO SAF EN
PLENA PANDEMÍA DA COVID-19.**



O Goberno local opta por continuar coa privatización e revela a súa verdadeira faciana a pesar de que as traballadoras do SAF deixaron a greve para dá-lo todo na pandemia, non sempre coas debidas EPIs dito sexa de pasaxe; a pesar de que unha recente sentenza (87/2020 do xulgado do contencioso nº2 de Lugo) condenou ao Concello de Chantada porque os servizos mínimos decretados polo alcalde era abusivos, aínda que chegou tarde para facer xustiza; e a pesar de que esta pandemia da COVID-19 deixou claro o vitais que son os servizos públicos e, nomeadamente, a sanidade, a educación e o SAF centrado na atención ás persoas maiores e dependentes, os que mais sufreron con esta crise.

A prioridade é a privatización do SAF e aumentar a xa crónica opacidade da xestión de Manuel Varela: sen xuntas de goberno local, sen sesións do Pleno desde a cabeza do mes de xaneiro, con só tres comisións de seguemento da COVID-19 e negándose a operar democraticamente con medios telemáticos nada nos sorprende xa.

Gobérnase por decreto e mantense un réxime de piloto automático que non favorece nada os intereses da maioría social nen é o que Chantada merece e precisa. Non se optou por falar de como xerar a crise que se vai agudizar, nen de políticas de futuro e revisar en que acertamos e erramos.

O 19 de maio, por providencia da alcaldía, **decidiuse levantar a interrupción dos prazos para o procedemento da privatización polo estado de alarme e para o 2 de xuño convócase a mesa de contratación** do Concello de Chantada. Por outras palabras, **o Goberno deseña tretas para acelerar a privatización e non só iso: denégase o período de ferias a todas as traballadoras para xuño de 2020**, por resolución do alcalde do 30 de maio. Infame e covarde a partes iguais.

Desde **Por Chantada** seguiremos defendendo que **a democracia nunca pode confinarse**, que o valor do público está por riba de todo e que **os servizos sociais son esenciais para unha sociedade xusta** e que non deixe a cada vez máis segmentos sociais para atrás. Así pois, á calada e dun xeito lamentábel o PP local opta por afondar na precariedade e no negocio a conta dun sector fundamente feminizado e con duras condicións laborais que lles afectan na saúde. **Toda a nosa solidariedade e apoio para as traballadoras do SAF!**



**Por
Chantada**

Candidatura de Unidade Popular